

# PLAN DIXITAL

CPI TOMÁS TERRÓN MENDAÑA

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Avaliación diagnóstica inicial real de centro.
- 4.2. Seguimento do Plan de Acción
- 4.3. Proposta de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

Este centro, situado a un quilómetro de Sobradelo e a seis de O Barco de Valdeorras, está construído na marxe esquerda do río Sil nuns terreos cedidos no seu momento pola compañía eléctrica Iberdrola e está formado por dous edificios claramente diferenciados, mais unidos por un corredor interior do que se pasa das aulas de primaria, sala de profesores, biblioteca e cociña ás aulas de secundaria, informática, dirección, xefatura de estudos, secretaría, departamentos e ximnasio.

O centro, construído no ano 1979 e renovado e ampliado no curso 98-99, está moi ben dotado canto a recursos de tipo material e tamén humano, xa que conta cun claustro habitual duns 17 docentes, cuxo único problema é que é de carácter transitorio, habendo cada ano poucos definitivos. Así e todo, conséguese ó longo de cada curso un bo clima de traballo e implicación.

O CPI Tomás Terrón Mendaña conta coas seguintes instalacións: .

- 1 aula de infantil.
- 4 aulas para Primaria. .
- Aula de apoio para Primaria. (PT)
- Aula para audición e linguaxe.
- 5 aulas para a ESO
- 1 sala pequena para desdobres.
- Aula de Apoio.
- 5 salas destinadas a departamentos.

Todas as aulas dispoñen de dotación dixital actualizada.

Temos tamén as aulas correspondentes ás materias de tecnoloxía, informática e plástica, ademais dos correspondentes espazos destinados á cociña, comedor, biblioteca, sala destinada a reunións da ANPA e alumnos/as e aseos para alumnos e alumnas, e todos os demais servicios básicos para o persoal do centro.

Canto á cualificación profesional de todo personal docente que imparte neste centro, é a requerida legalmente polo decreto 07/1999 do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.

Os datos de identificación xerais do centro son:

CPI Tomás Terrón Mendaña

Candís, s/n

32330 Sobradelo de Valdeorras (Carballeda)

Código do centro: 32002781

Tel: 988335065

Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpitomasterroncarballeda/>

E-mail: [cpi.tomasterron.carballeda@edu.xunta.gal](mailto:cpi.tomasterron.carballeda@edu.xunta.gal)

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

*Os/as alumnos/as que acoden ó noso centro, proceden de diversas aldeas próximas ó concello e a maioría son de Sobradelo, aínda que a tendencia actual é a do aumento da asistencia de alumnado procedente de O Barco de Valdeorras.*

Estes rapaces caracterízanse por pertencer a familias nas que o pai e nai traballan nas naves de lousa da zona e que por mor do seu horario laboral veñen pasando máis de oito horas fóra de casa, polo que a educación e coidado do seus fillos (sobre todo adolescentes) queda relegada a un segundo ou terceiro plano, sendo para a gran maioría deles o traballo e o benestar económico o máis importante e prioritario.

Esta situación, que vén afectando a un 80% da poboación desta zona e que repercute de maneira negativa no desenvolvemento e futuro académico dos alumnos/as, vese reflectida a diario nas seguintes situacións:

- Falta importante de motivación por parte dos rapaces de cara a obter bos resultados académicos.
- Actitude desafiante de moitos alumnos nalgunhas materias (non en todas).
- Problemas de comportamento que repercuten en ocasións en serios trastornos de conduta e que leva o profesorado a ter que tomar certas medidas máis efectivas de control: falar cos pais/nais, falar moi seriamente co alumno/a, reflexionar con el/ela, notificacións a servizos sociais, expulsións, procesos sancionadores, etc.; porén, todo isto en numerosas ocasións é en van.
- Ansiedade, inquietude e moita presión por cumprir os dezaseis anos e poder ir traballar aínda sendo alumnos con posibilidades.
- Falta de obxectividade nas familias, que na maioría dos casos apoian as conductas e actuacións do seus fillos/as cuestionando o labor do profesor/a.

Así mesmo, e á parte destas características, o CPI Tomás Terrón ten as mesmas necesidades que calquera outro centro en canto a ter que atender a rapaces e rapazas que presentan unha gran diversidade e heteroxeneidade en canto a intereses (o que comentamos anteriormente), motivacións e capacidades.

Así, tanto en educación infantil, primaria como secundaria o Departamento de Orientación coa colaboración do equipo directivo e dos propios titores e profesores efectúa as pertinentes avaliacións psicopedagóxicas coa finalidade de diagnosticar canto antes a NEE, que nese intre exista e poder establecer as medidas de atención a diversidade que tanto de carácter preventivo como de intervención sexa preciso.

En outro orden, tratamos, debido a problemática da zona, de incidir e dar gran importancia á orientación académico-profesional para que a través dela os/as alumnos/as poidan ter a man a suficiente información e unha boa formación para busca da devandita información, e así poder elixir libre e obxetivamente a súa vocación académica e profesional e para que non se queden só coa saída do mundo laboral tan pronto cumbran a idade obrigatoria.

En xeral este centro constitúe, de momento un punto de referencia importante na zona, debido, entre outros motivos, non só ó horario que ofrece este centro -adáptese á demanda da contorna-, senón que tamén o feito de non participar no programa E-dixgal e continuar a empregar libros de texto convencionais en combinación co dixital, fai que se favoreza o aumento de matrículas de alumnos que veñene “fuxindo” de E-dixgal.

Horario do centro:

Luns e martes: 9 h. - 15.45 h.

Mércores, xoves e venres: 9 h. - 15:15 h.

● *Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro.*

Creemos que a educación é un proceso de construción no que tanto o mestre/a como o alumno/a deben ter unha actitude activa que permite aprendizaxes significativas. Baseándonos nos principios básicos do R.D. do Currículo, e tendo en conta as características deste Centro, optamos polas seguintes liñas de actuación:

- a) A organización dos contidos nestas etapas esixe un enfoque globalizador que permita aborda-los problemas, as situacións e os acontecementos dentro dun contexto e da súa totalidade. Este enfoque globalizador terá unha tendencia á interdisciplinariedade ata nas etapas máis altas.
- b) O/A docente actuará como guía e mediador para facilita-la construción de aprendizaxes significativas que permitan establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas, e os novos contidos; asegurándose que podan ser aproveitados nas circunstancias reais da súa vida, e que lles sirvan para enfrentarse á adquisición de novos contidos.
- c) Para a construción destas aprendizaxes recurrirase a tipoloxía diversa de actividades que terán ás veces carácter lúdico e outras esixirán un maior grao de esforzo; pero procurando sempre que sexan motivadoras e gratificantes.
- d) Adaptaranse os métodos, recursos e actividades, tendo en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos de aprendizaxe de cada alumno/a. É dicir, individualización do traballo a realizar.
- e) Cando sexa preciso recurrirase ós medios tecnolóxicos e dixitais como complemento do proceso de ensino.

f) A aprendizaxe das técnicas instrumentais básicas seguirá sendo unha prioridade para este centro e o persoal que nel traballa, superando a excesiva dependencia da realidade dixital. Por iso, no noso contexto seguirase apostando por:

- \* Favorece-lo emprego da lingua oral.
- \* Adicar un tempo mínimo dunha hora semanal á lectura na aula.
- \* Aumenta-las bibliotecas de aula e do Colexio.

g) Para favorecer-la creatividade, promoverase un uso complementario e consciente das novas tecnoloxías empregadas no ensino. Seguirá sendo parte esencial a utilización de materiais e métodos diversos: debuxo, collage, modelado, dramatización, pintura, xogos,...non só na área de educación artística, senón en tódalas áreas. Partirase de historias como películas, situacións, contos,... para logo completar historias, inventar finais, títulos, cambiar actitudes de personaxes,... Tamén se fomentará a expresión libre de experiencias propias ou a través de observacións directas.

Outra canle de expresión da creatividade é a través da participación en concursos varios, tanto dentro como fóra do Colexio.

h) Dadas a características dos nosos grupos e alumnado, priorizarase a realización de tarefas na aula, recurrido cando sexa necesario a contidos dixitais, levando a cabo así un ensino combinado. Deste xeito, deixarase para casa as lóxicas actividades de estudio e repaso.

k) Adicarase un tempo específico a traballar sobre aspectos de saúde e hixiene, tanto física como mental.

l) Para orienta-las relacións, comunicacións e información intraescolar terase en conta o establecido tanto no PE como PD.

- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.*

Este documento (PD) pasará a formar parte do apartado de Plans e Programas da PXA e, polo tanto, se implementará ó longo do vindeiro curso 22/23.

### **1.3. Breve xustificación do mesmo**

*Debido a unha demanda de tipo social xa existente previa á situación pandémica, á propia Axenda 20/30 e a unha realidade dixital e tecnolóxica cada vez maior, fíxose necesaria unha organización da actividade dixital nos centros educativos.*

De aí a necesidade da elaboración do PD de cada centro no que se recollan diferentes aspectos que regulen o desenvolvemento do emprego das TIC's no proceso de ensino-aprendizaxe.

Aproveitando o ter que darlle forma a esta nova normativa, queremos, como responsables dun centro educativo, reflexar a nosa idea sobre este proceso que se está a levar a cabo e xustificar o por que seguimos apostando por un ensino combinado (libro convencional / libro dixital), entre outras cousas.

Non supón o rexeite total das dixitalizacións, senón un plantexamento ben xestionado e previamente reflexionado.

## 1.4. Proceso de elaboración

*Tralo proceso de traballo no PFPP e as nosas reflexións grupais, en diferentes reunións rematamos elaborando este magnífico plan que esperamos sexa de utilidade futura neste centro.*

*Os pasos seguidos foron os seguintes:*

*1º. Análise do marco normativo europeo (DigComp).*

*2º. Participación na ferramenta SELFIE.*

*3º. Realización do test CDD.*

*4º. Elaboración do DAFO cos datos obtidos nestas dúas ferramentas.*

*5º. Redacción dos obxectivos SMART para a elaboración do Plan de Acción.*

*6º. Concreción e redacción final do Plan Dixital.*

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

*No tocante ás infraestruturas, á dotacións tecnolóxicas, conectividades e plataformas e servizos dixitais dos que dispón o centro, temos que destacar que cada aula dispón de pizarra dixital e ordenador con conectividade. Así mesmo, contamos cunha aula de informática con conectividade na que cada alumno ten a oportunidade de traballar co seu propio equipo. Tamén se dispón dunha biblioteca no centro con ordenadores habilitados para realizar consultas. Con referencia ás plataformas e servizos dixitais usados polo persoal do centro para o contacto tanto cas familias como co alumnado, temos que destacar o uso da Aula Virtual do centro e Abalarmóbil*

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- *Autoavaliación SELFIE:*

ÁREAS	GRUPOS	ENSINANZAS				
		Primaria	E.S.O.	Bac.	F.P.	Post sec.
A. Liderado	Equipo Directivo	3,8	3,1	–	–	–
	Profesorado	3,5	3,8	–	–	–
	Alumnado	–	–	–	–	–
B. Colaboración e redes	Equipo Directivo	3,3	2,8	–	–	–
	Profesorado	2,7	3,1	–	–	–
	Alumnado	3,9	3,2	–	–	–
C. Infraestruturas e equipos	Equipo Directivo	3,2	3,2	–	–	–
	Profesorado	3,3	3,6	–	–	–



	👤 Alumnado	4,1	3,3	–	–	–
D. Desenvolvemento profesional continuo	👤 Equipo Directivo	4	3,4	–	–	–
	👤 Profesorado	3,9	3,7	–	–	–
	👤 Alumnado	–	–	–	–	–
	👤 Equipo Directivo	3	3,3	–	–	–
E. Pedagogía: Apoios e recursos	👤 Profesorado	3,2	3,6	–	–	–
	👤 Alumnado	–	4,1	–	–	–
	👤 Equipo Directivo	2,8	2,9	–	–	–
F. Pedagogía: Implementación na aula	👤 Profesorado	3,3	3,2	–	–	–
	👤 Alumnado	3,6	3,1	–	–	–
	👤 Equipo Directivo	2,6	2,6	–	–	–
G. Prácticas de avaliación	👤 Profesorado	3	2,8	–	–	–
	👤 Alumnado	–	2,6	–	–	–
	👤 Equipo Directivo	3	2,7	–	–	–
H. Competencias dixitais do alumnado	👤 Profesorado	3,4	3,5	–	–	–
	👤 Alumnado	4,1	3,2	–	–	–

•**Test CDD:**

Participación segundo perfil do profesorado (Táboa 1.3. do informe grupal do Test CDD)

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% participación
DEFINITIVO	10	12	83,3%
PROVISIONAL	0	0	–
INTERINO	2	3	66,7%

SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO	0	0	–

*Puntuación e nivel de competencia do centro (Táboa 2.1. do informe grupal do Test CDD)*

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
78,2	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

*Puntuación e nivel de competencia por etapas (Táboa 2.2. do informe grupal do Test CDD)*

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	82	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
E.P.	80,8	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
ESO	72,5	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

*Distribución do profesorado por niveis (Táboa 2.3. do informe grupal do Test CDD)*

	Total profesorado no nivel de competencia	% profesorado participante neste nivel
A1	0	–
A2	3	23,1%
B1	9	69,2%
B2	1	7,7%
C1	0	–
C2	0	–
TOTAL	13	100%

### 2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>O centro dispón de bos dispositivos dixitais para a ensinanza.</li> <li>O centro dispón de bos dispositivos dixitais para o aprendizaxe.</li> <li>Actualmente o centro ten un acceso a Internet moi aceptable.</li> <li>As infraestructuras en xeral do centro son axeitadas.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>A asistencia técnica que nos ofrece a xunta non é nin sinxela de tramitar nin rápida.</li> <li>Existe brecha dixital entre diferentes componentes da comunidade educativa.</li> <li>Falta apoiopara abordar retos.</li> </ol>
	PERSONAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>No presente curso a maioría dos docentes coñecen e usan recursos educativos en línea.</li> <li>Coincidencia na línea de pensamento respecto a competencia dixital.</li> <li>Adaptación as necesidades do alumnado.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Colaboración do alumnado, xa que moitas veces non responde as tarefas encomendadas a través de plataformas dixitais.</li> <li>Implicación do alumnado, xa que as veces bótase de menos maior implicación.</li> <li>Proxectos interdisciplinares.</li> <li>Pensamento computacional.</li> </ol>
	PERSONAL NON DOCENTE	-	<ol style="list-style-type: none"> <li>Debido as características do centro non dispoñemos de persoal non docente que sería necesario (administrativo, conserxe,...)</li> </ol>
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> <li>En xeral temos alumnado cun comportamento seguro.</li> <li>En xeral temos alumnado cun comportamento responsable.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>Verificar a calidade da información.</li> <li>Creación de contido.</li> <li>Aprender a comunicarse.</li> <li>Aprender a</li> </ol>

			codificar e programar.
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Económicamente as familias ,en xeral, poden afrontar gastos relacionados cos medios dixitais.</li> <li>2. Dado o pequeno número de alumnos/as, a interacción coas familias é rápida e eficaz.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. En xeral as familias teñen baixo nivel na competencia dixital.</li> <li>2. Non fan un control parental axeitado, no uso de dispositivos dixitais.</li> <li>3. Fan unha mala escolla nos dispositivos dixitais para os seus fillos/as.</li> </ol>
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Se oferta a materia optativa de TIC.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Non se ofertan actividades extraescolares relacionadas coa competencia dixital.</li> </ol>
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Existe boa comunicación organizativa.</li> <li>2. Usanse tecnoloxías para mellorar a comunicación (web, whatsapp).</li> <li>3. Existe unha boa xestión do material informático.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Pouca disponibilidad horaria para xestións TIC.</li> </ol>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Optimización de recursos.</li> <li>2. Aproveitar o momento para a reflexión necesaria do xeito de afrontar a mellora da competencia dixital.</li> <li>3. Acercamento a realidade, consultando a comunidade educativa.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A administración facilita ferramentas dixitais pouco operativas e intuitivas.</li> <li>2. Estase a promover unha conectividade permanente os entornos dixitais moi preocupantes.</li> </ol>
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. É o momento de regular o uso de ferramentas dixitais de maneira eficaz.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A lexislación é ineficiente.</li> </ol>
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dado a localización e o entorno do colexio, temos unha oportunidade para a desconexión</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Teñen un déficit de oferta e alternativas para o seu tempo de</li> </ol>

		dixital. 2. Oportunidade de interconexión entre eles e coa natureza que os rodea.	lecer. 2. Dado a situación moitas veces os problemas meteorolóxicos afectan a conectividade.
	ANPA	Non existe no centro	-
	OUTRAS ENTIDADES	1. Sería bo momento para que o Concello se implicase máis co centro. 2. Unha biblioteca sería moi necesaria no concello. 3. Fomento de entidades deportivas. 4. Fomento de asociacións culturais.	1. Ningunha entidade debería representar unha ameaza.

### 3. Plan de Acción

*Para a realización do Plan de Acción baseámonos no análise que aportanos o DAFO, e tamén da experiencia que danos a observación do día a día no noso centro educativo.*

Como áreas prioritarias do centro destacaría a seguridade no uso das aplicacións dixitais e utilización eficaz de ferramentas educativas.

Estes obxectivos concrétanse nas seguintes táboas.



### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

#### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: FAMILIAS						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	FORMAR FAMILIAS/TUTORES SOBRE A PERIGOSIDADE DE APLICACIÓNS DIXITAIS				Acadado	
<b>Responsable:</b>	XEFE DE ESTUDOS				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	NÚMERO DE ACTIVIDADES REALIZADAS.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	1					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	5		xuño 2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Sesión informativa na reunión inicial de principio de curso, indicando as posíbeis actuacións con eles e cos seus fillos. A01.2 :Sesión de presentación con powerpoint de problemáticas	Responsable TICs	1º TRIMESTRE	Presentación informática/ computador + proxector.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Segunda sesión: Seguimento.	Responsable TICs	2º TRIMESTRE	Panfleto/ fotocopia informativa.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Contacto coa garda civil para o desenvolvemento do Plan Director. A01.5: Valoración Final	Equipo Directivo	3º TRIMESTRE	PLAN DIRECTOR		Realizada	
	Responsable TICs		ENQUISA			
					Aprazada	

					Pendente
--	--	--	--	--	----------

**REPETIR TANTAS TÁBOAS COMO OBXECTIVOS**

Axuda para completar as táboas:

**1 Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** que sexan:

- 1.a **Específicos** (Specific), deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como.
- 1.b **Medibles** (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado.
- 1.c **Alcanzables** (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero posibles;
- 1.d **Relevante** (Relevant), debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa.
- 1.e **Definidos** no tempo (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** o **Non acadado**).

- 1 INDICADORES: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- 2 VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) da situación inicial do centro
- 3 VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar cunha **data** límite para acadalo.

**ACCÍONS A DESENVOLVER:**

- 4 DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- 5 RESPONSABLES:** Son as persoas implicadas e responsables de cada acción.
- 6 DATA PREVISTA FIN :** Data concreta na que se espera finalizaría a acción completamente.
- 7 RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas orzamento,..)
- 8 VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- 9 ESTADO:** Utilizar esta mesma táboa para reflectir de xeito rápido na avaliación do Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.



<b>Área/s de mellora: Alumnado</b>							
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Formar para a preservación da saúde emocional ao respecto dos riscos do uso excesivo dos dispositivos e redes sociais.					<b>Acadado</b>	
<b>Responsable:</b>	Titores					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	NÚMERO DE ACTIVIDADES PROPOSTAS						
<b>Valor de partida: (3)</b>	1						
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	5				Xuño 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>		
<b>AO1.1: Diagnóstico inicial da realidade de cada aula AO1.2.: Elaboración dun diario emocional persoal para cada alumno.</b>	Orientadora Titoría, proxecto competencial e departamentos de linguas.	Primeiro trimestre	Enquisa, redacción		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO1.3: Presentación e implementación da aplicación de control de tempo no móbil. AO1.4.: Palestra dun especialista</b>	Titoría	Segundo trimestre	Acordo de compromiso persoal Aplicación, especialista e orzamento.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		
<b>AO1.5: Posta en común e valoración persoal individual</b>	Orientadora Titoría, proxecto competencial e departamentos de linguas.	Terceiro trimestre	Enquisa, debate, redacción		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		

Área/s de mellora: Aprendizaxe e ensinanza						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	Empregar minimamente a Aula Virtual				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Todo o claustro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Emprega polo alumnado dun número de veces do emprego da aula virtual.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	No hay registro de valores al respecto.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Unha vez ao trimestre dentro do horario lectivo e dúas veces ao trimestre fóra do horario lectivo.			xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Acceder á aula virtual, consultar o subido e manexarse dentro dela.	O profesorado	Final de cada trimestre	Aula informática, boa conexión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Consulta de información e elaboración de actividades para contribuir á “flipped classroom”.	O profesorado	Durante cada trimestre	Soporte e conexión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Valoración no claustro final do emprego da aula virtual.	Claustro	Terceiro trimestre	Claustro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>Área/s de mellora: AVALIACIÓN</b>						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	EMPREGAR FERRAMENTAS DIXITAIS PARA AVALIAR				Acadado	
<b>Responsable:</b>	CLAUSTRO				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Número de ferramentas empregadas para avaliar.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	No hay valores de registro.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	Emprega, cando menos, unha ferramenta dixital ao trimestre.			Xuño de 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO1.1: Incluir na PD de cada departamento o emprego de ferramentas dixitais para a avaliación.</b>	Xefes de departamento	1º TRIMESTRE	PD e computador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: Seleccionar as ferramentas dixitais axeitadas para cada proceso de avaliación</b>	Claustro	Cada trimestre (mínimo unha)	Aulas virtuais, aplicacións e ferramentas varias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3: Enquisa sobre o cumprimento do obxectivo marcado</b>	Claustro	3ª avaliación	Enquisa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

*Os equipos portátiles das aulas e os proxectores teñen tempo suficiente como para ser cambiados por outros máis novos.*

*O cambio destes elementos permitiría un mellor uso e utilización das ferramentas dixitais no aprendizaxe.*

## 4. Avaliación do plan

### 4.1. Avaliación diagnóstica inicial real de centro.

Antes de abordarmos calquera avaliación de plan dixital actual, temos de aclarar cal é o contexto inicial do noso alumnado ao respecto, pois estamos nun centro cunhas particularidades especiais que atinxen tamén a un profesorado que é itinerante e cambia cada ano.

Canto ao alumnado, temos de precisar que o contexto socioeconómico e cultural é crucial para poder desenvolver un plan destas características. En concreto, atopámonos con familias incapaces de abordar os novos retos que impón o contexto actual de dixitalización extrema. Temos serias dúbidas de que haxa un control parental canto ao tempo e acceso a contidos, así como da necesidades dese control parental, o que obriga ao centro a actuar en consecuencia. Vendo esta situación o profesorado terá que decidir o tempo de exposición, a clase de contidos que se verán nas aulas e é algo que flutúa dependendo do grupo, do ano, da idade, do contexto familiar e da saúde emocional do alumnado que, na actualidade, se ve mermada pola situación anteriormente descrita e polo que está a acontecer no mundo hoxe en día.

En conclusión, resúltanos francamente difícil establecer calquera avaliación inicial neste sentido e agardamos ir recopilando esa información co paso do tempo. De todos modos, elaboraremos entrevistas persoais, enquisas orientadas, consulta de bibliografía especializada, rúbricas...

### 4.2. Avaliación procesual

Unha vez realizada a avaliación diagnóstica inicial, procederase á realización de enquisas sobre o cumprimento do obxectivo marcado, así como rúbricas que se adapten ás necesidades do momento. As ferramentas diagnósticas decidiranse tendo en conta todas as variábeis expostas anteriormente. Canto á temporalización desta avaliación, realizarase, cando menos, unha vez por trimestre, podéndose adaptar estes tempos segundo as necesidades particulares de docentes e discentes.

### 4.3. Avaliación final



Tendo en conta os resultados obtidos durante a avaliación inicial e procesual chegarase a unha serie de conclusións que se recollerán convenientemente no Plan Dixital ao final de cada curso para seguir mellorando.

## 5. Difusión do plan

A publicidade e difusión do Plan Dixital do centro, no que están involucradas tanto as familias, como o alumnado e todos os membros da comunidade educativa, levarase a cabo a través da súa publicación na páxina web do centro para que todos teñan acceso ao mesmo.

Así mesmo, haberá unha copia impresa na secretaría do centro para a súa consulta.